

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN- DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Faremos polo menos unha proba escrita en cada trimestre, con actividades semellantes ás propostas ao longo do desenvolvemento das unidades e acordos cos estándares de aprendizaxe establecidos para cada unha delas. Primaranse os procesos fronte ós resultados, valorando os razoamentos expresados.

1. CÁLCULO DA NOTA DA AVALIACIÓN.

O 85% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada das probas escritas (*). O 15% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se proboñan
- A observación diaria na aula
- O interese e esforzo

Unha vez calculada a media da avaliación segundo o descrito anteriormente, realizarase a media aritmética das avaliacións feitas ata entón, se as houbera, para emitir a nota que irá no boletín informativo do alumno/a. O redondeo final farase tendo en conta a evolución do alumno/a ao longo da/s avaliación/s, o traballo, esforzo e interese pola materia.

(*) Considérase que ningunha proba por debaixo de 3 pode arroxar un aprobado na avaliación. Polo tanto, se nunha avaliación houbera algunha proba con nota inferior a 3, deberá recuperarse na proba de recuperación correspondente. Ata a súa recuperación, a avaliación figurará como suspena.

2. CÁLCULO DA NOTA FINAL

2.1. PARA ALUMNADO COA MATERIA SUPERADA POR AVALIACIÓNS

Unha vez calculada a nota da 3ª avaliación, que recolle os contidos dende o principio de curso, será considerada a nota da final ordinaria

2.2. PARA ALUMNADO COA MATERIA NON SUPERADA POR AVALIACIÓNS. CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓN NON SUPERADAS

Tanto a 1ª coma a 2ª avaliación contarán cunha proba escrita de recuperación despois da correspondente avaliación. A proba escrita de recuperación da 3ª avaliación quedará integrada na proba final ordinaria.

PROBA DE AVALIACIÓN FINAL

Realizarán a proba final ordinaria aqueles alumnos/as que non superasen unha ou varias avaliacións (no caso de 1ª e 2ª avaliación, non superasen a súa proba de recuperación). A proba será escrita e estará dividida por avaliacións, de xeito que o alumando realizará as preguntas relativas á/ás avaliación/s que lle corresponda. Haberá un reparto equitativo de preguntas por temas e avaliacións, dacordo co especificado no apartado "Peso na cualificación". Se por circunstancias non fora posible explicar todo o temario, redistribuiranse as preguntas garantindo o reparto equitativo.

O resultado da proba escrita de recuperación, aínda que se resolva correctamente máis da metade da proba, será como máximo de 5 ptos sobre 10.

Para o cálculo da cualificación final, realizarase a media aritmética das avaliacións. O redondeo final farase tendo en conta a evolución do alumno/a ao longo do curso, o traballo, esforzo e interese pola materia.